

A NOSA TRADICIÓN ORAL 11

A MORTE DO ARCEBISPO

NOME DO DOCUMENTO: MPG_TrOr_0022_001B_en_0_06_24_id680_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_TrOr_0022_001B_en_0_06_24_id680.mp3
TIPO DE DOCUMENTO: Etnográfico xeral

MATERIAL DISPOÑIBLE

Audio mp3, transcripción e comentarios

DATA DE RECOLLIDA: 1994-1995

LOCALIZACIÓN:

Lugar: Lermo
Parroquia: San Xoán de Fora de Santiago
Concello: Santiago de Compostela
Provincia: A Coruña
País: Galicia

INFORMANTE:

Nome: Cerqueiro Noya, Pilar
Idade no momento da recolla: 84 anos
Lugar e data de nacemento: ca. 1910

RECOLLEDORA: Mónica (alumna I.F.P.S. Fontiñas, Santiago)

COMPILADORA: Freire Freire, Marivel (profesora)

COLECCIÓN: A Nosa Tradición Oral. Fondos propios do Museo do Pobo Galego.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

CONTEXTO

En 1994, o Museo do Pobo Galego presentou á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria un proxecto sobre a tradición oral, a desenvolver a través da escola. O programa comprendía dúas fases: un curso teórico previo para os profesores, e o traballo de campo, a realizar ao longo do ano escolar. A actividade, homologada pola Consellería, iniciouse coas sesións teóricas, celebradas entre o 7 e o 10 de novembro de 1994 nas dependencias do Museo. Durante os meses de novembro do 94 a maio do 95 desenvolveuse o traballo de campo, no que participaron profesores e alumnos de 24 institutos das provincias de A Coruña e Pontevedra. No ano 1995 realizouse a ordenación e clasificación da información recollida, de xeito que permitira o estudo, selección e elaboración de materiais para a confección dunha guía didáctica (publicada no 1996 polo Museo) e a formación dunha base de datos para fins de investigación conservada no APOI. (Referencia: A NOSA TRADICIÓN ORAL. Museo do Pobo Galego, 1996). A publicación constaba dun folleto e unha cinta magnetofónica, que reproducía unicamente unha breve selección das gravacións efectuadas por alumnos de centros escolares da Coruña e Pontevedra na fase de traballo de campo do programa *Recupera-la tradición oral: un proxecto interactivo museo-escola*.

NOTAS DA TRANSCRICIÓN

Outra transcripción en: *Escolma: L.Hist-3*; páx. 65. Realizada por: Costa Pérez, Evelio; Fernández Cerviño, María Xosé e Lamela Villaravid, Carme. Dispoñible para consulta na sede do APOI no Museo do Pobo Galego.

TRANSCRICIÓN DO TEXTO E EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Isabel Vigo Rodríguez

Clasificación: Lendas históricas

PALABRAS CHAVE

Lenda , historia , arcebispo , Santiago de Compostela , Catedral de Santiago , Rúa Nova , Balconada, Embalconada



TRANSCRICIÓN

Calle de la Rúa Nueva hermosa

calle de la Embalconada

mataron al Arzobispo

por celos de una madama.

Eu eso non o sei ben que todo é por oidas. Que dicen que vivían aquí en Pastoriza e o hermano era capitán general de Marina e ela era unha moza moi ghuapa e iba á misa á Catedral.

E o arzobispo enamorouse dela, e acercouse a ela para que lle fixera caso, e non o quixo, non quixo saber nada del. E despois el mandouna ratar, mandouna ratar por uns homes que paghou. E despois non se supo máis nada dela. Se coñece que a encerrou para el, e despois era cando había a Inquisición, e debeuna de mandar matar, que non se supo máis.

E despois o irmán enterouse e veu aquí -que estaba en Ferrol-, veu aquí e preguntou por ela e dixeronlle os da casa que faltara en tal tempo e que non superan máis nada dela.

E despois, era pola procesión de Corpus e o arzobispo viña nela co viril -non sabes?, o viril é coma un cáliz, non sabes?- E... na procesión. E vaise alí na esquina aquela da Rúa Nova, donde se colle pra Fonte Sequelo, e -xa sabes- pra a Quintán, pra abaixo, bueno hai aquel cruce alí. Vaise ese capitán -hasta iba de paisano- acercouse a el e quitoulle o viril da man e botoulle... No! Botoulle unha man ao peito e ca outra quitoulle o viril da man e pousouno no suelo e o arcebispo forceou para escaparse dos brazos del e antes que a xente se dira conta quitou de pistola e peghoulle uns tiros e quedou no suelo. Que é donde hai o cruce aquel foi o lío. E despois na máis.

Dixo, díxolle él ao quitarlle o viril para o pousar, díxolle:

-“Quita eso de la mano que no eres digno de traerlo.”

E como non o matou co viril na man, pareceume que dicían, que non tuvo castigho. Como o tiña era se o matara co viril na man. Pero quitoullo da man e pousouno no suelo. Dixo:

-“Quítate esto de la mano que no eres digno de llevarlo.”

E xa está, pero... eu que sei!